

# Agrupación Deportiva O Silbato



## MEMORIA

### VI TORNEO NACIONAL DE ÁRBITROS DE FÚTBOL

A CORUÑA, 11 DE XULLO DE 2015



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



FÚTBOL 7

# VI TORNEO NACIONAL DE ÁRBITROS



**CIDADE DEPORTIVA DA TORRE  
A CORUÑA - 11 DE XULLO DE 2015**

deseño de cartel: camigofu@hotmail.com

### PATROCINADORES



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



Deputación  
DA CORUÑA



COMITÉ TÉCNICO de ÁRBITROS



AMURA  
CAFÉ



30 ANIVERSARIO  
DECIMAS



Arbitros 70.com

### COLABORADORES



Saunier Duval



Zenit  
HOTELS



Almacenes  
MARIA ROCHA, C.B.



dueTone

## **PRESENTACIÓN**

A Agrupación Deportiva O Silbato leva traballando durante moitos anos en favor do colectivo arbitral de fútbol da nosa cidade e acolle no seu seno a case cento trinta árbitros pertencentes á Delegación de Árbitros da Coruña, de Boiro, Viveiro ou Pontevedra, pertencentes todas elas ó Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol (CTGAF), que a súa vez forma parte da Federación Galega de Fútbol (FGF).

Fundada no ano 1989, pasou por numerosas vicitudes, pero hoxe en día está máis fortalecida que nunca, pois ademáis de ser a agrupación deportiva de árbitros máis antiga de Galicia, é todo un referente na realización de actividades deportivas, recreativas e culturais ó longo de todo o ano e dirixidas aos socios.

Entre as actividades que organiza a Agrupación Deportiva O Silbato, destaca sen lugar a dúbidas, o Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol, que organiza cada ano na época de verán e que botou a andar no ano 2010 coa primería edición. Éste é un torneo que congrega en cada edición máis de douscentos árbitros, pois ademáis de participar as principais delegacions arbitrais de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Santiago, Boiro) sempre contou coa presenza de equipos do resto de España como de Castelá León, Principado de Asturias, Cantabria, Baleares, e mesmo este ano cun representante das Illas Canarias.

O Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol é todo un referente nacional, pois ten a honra de ser o único que se disputa de forma anual e continuada. O equipo que máis laureado do noso torneo é ata o de agora Ourense, xa que gañou as dúas primeiras edicións. Na terceira impuxose Palma de Mallorca, mentres que a cuarta e a quinta edición tivo como gañadores a Pontevedra e a Coruña Futsal respectivamente. Este ano, e tras repetirse a final do ano anterior, Vigo conseguiu proclamarse vencedor do VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

Unión, compañerismo, solidaridade, amizade, respecto, son algúns dos valores que a Agrupación Deportiva O Silbato inculca a todos os seus membros no día a día. Ademáis de todas as actividades que leva a cabo a Agrupación, a entidade organiza cada fin de temporada unha Gala na que premia a todos os colexiados que acadaron o ascenso de categoría e os que se proclamaron champions en alguna das distintas modalidades deportivas que organiza a Agrupación, como o torneo de pádel, de dardos, de volley playa, de tute, de tenis de mesa, de fútbolín, etc...

## **Vigo "A", Campión do IV Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol**

O VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol concluiu o sábado 11 de Xullo de 2015, cun novo campión, Vigo "A", que conseguiu resarcirse da derrota sufrida o ano anterior na final, proclamándose campión ó doblegar a Coruña Futsal por 4-1.

A xornada trascorreu sen lesionados e cun bo ambiente entre as máis de duascenas vinte persoas que ateigaban as instalacións da Cidade Deportiva da Torre.

O torneo disputouse en un formato de liguillas para posteriormente pasar ás fases finais, dende cuartos de final ata a esperadísima final.

A fase de liguillas dividiuse en 4 grupos de 5 equipos, donde todos se enfrentaban contra todos a unha soa volta, pasando ás fases finais os dous primeiros clasificados. Lugo A e Pontevedra B dominaron sobradamente os seus grupos, mentras que no resto houbo máxima igualdade ata o final.

Así, tras unha fase de grupos que finalizaría a primeira hora da tarde, os equipos de Pontevedra B, Valladolid A, Coruña Futsal, Ourense A, Vigo A, El Bierzo, Lugo A e Salamanca pasaban a cuartos de final.

A igualdade durante os cuartos de final foi máxima en todos os partidos, con resultados moi axustados, incluso chegando un de eles á fatídica tanda de penaltis, que se resolvería por 3-4 favorable a El Bierzo fronte a Lugo A.

Os enfrontamentos nas semifinais foron Ourense A – Vigo A e Coruña Futsal- El Bierzo.

No caso do enfrontamento entre o equipo da cidade olívica fronte ó da cidade das Burgas, foi un partido dominado de principio a fin por Vigo. Souberon impoñer o seu xogo de principio a fin, e ó igual que durante todo o torneo, mostraronse un equipo férreo e ordenado, repetindo a tónica de edicións anteriores. O resultado foi de 3-0 favorable a Vigo A.

O encontro entre Coruña Futsal – El Bierzo foi de igualdade máxima, chegando novamente a unha tanda de penaltis, donde os Bercianos non souberon transformar os seus lanzamentos, impoñéndose Coruña Futsal por 3-1 e pasando á gran final do torneo.

A final del Torneo foi unha reedición da do ano pasado. Repetían Vigo A e Coruña Futsal. Sen embargo, o resultado foi totalmente oposto. Vigo A xogou desde o principio un partido moi serio, con constantes axudas e un gran orden no xogo. Froito disto, impuxeronse claramente a Coruña Futsal conseguindo levantar por fin un trofeo que se lles levaba resistindo varios anos.



A xornada rematou coa cea de clausura e a entrega de trofeos no Restaurante da S.D.Hípica, onde se ouxo o broche de ouro o VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

## RESULTADOS

- Grupos:**

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
Pontevedra "B"	Coruña Futsal	Vigo "A"	Lugo "A"
Valladolid "A"	Ourense "A"	El Bierzo	Salamanca
Coruña "A"	Pontevedra "A"	Ferrol "A"	Vigo "B"
Boiro	Valladolid "B"	Lugo "B"	Coruña "D"
Ourense "B"	Coruña "B"	Coruña "C"	Ferrol "B"

- Resultados Fase Previa:**

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
10:00	Coruña A	1 - 1	Boiro
10:30	Pontevedra B	1 - 0	Valladolid A
11:00	Coruña A	1 - 0	Ourense B
11:30	Pontevedra B	1 - 0	Boiro
12:00	Ourense B	0 - 1	Valladolid A
12:30	Coruña A	1 - 3	Pontevedra B
13:00	Boiro	1 - 1	Ourense B
13:30	Coruña A	1 - 3	Valladolid A
15:30	Pontevedra B	3 - 2	Ourense B
16:00	Boiro	0 - 2	Valladolid A

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
10:00	Coruña B	0 - 2	Coruña Futsal
10:30	Pontevedra A	1 - 0	Valladolid B
11:00	Coruña B	1 - 2	Ourense A
11:30	Coruña Futsal	2 - 0	Pontevedra A
12:00	Ourense A	2 - 0	Valladolid B
12:30	Coruña B	0 - 1	Pontevedra A
13:00	Ourense A	0 - 0	Coruña Futsal
13:30	Coruña B	1 - 2	Valladolid B
15:30	Ourense A	1 - 0	Pontevedra A
16:00	Coruña Futsal	2 - 0	Valladolid B

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
10:00	Lugo B	1 - 1	Ferrol A
10:30	Coruña C	1 - 1	Vigo A
11:00	Lugo B	0 - 2	El Bierzo
11:30	Ferrol A	4 - 0	Coruña C
12:00	El Bierzo	1 - 2	Vigo A
12:30	Lugo B	3 - 0	Coruña C
13:00	El Bierzo	2 - 1	Ferrol A
13:30	Lugo B	0 - 2	Vigo A
15:30	El Bierzo	0 - 0	Coruña C
16:00	Ferrol A	1 - 1	Vigo A

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
10:00	Ferrol B	0 - 2	Lugo A
10:30	Coruña D	0 - 0	Vigo B
11:00	Lugo A	1 - 0	Salamanca
11:30	Ferrol B	0 - 0	Coruña D
12:00	Vigo B	0 - 0	Salamanca
12:30	Coruña D	1 - 2	Lugo A
13:00	Ferrol B	2 - 4	Salamanca
13:30	Vigo B	1 - 1	Lugo A
15:30	Coruña D	0 - 1	Salamanca
16:00	Ferrol B	1 - 1	Vigo B

- **Resultados de Cuartos de Final:**

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
16:30	Pontevedra B	0 - 1	Ourense A
16:30	Coruña Futsal	1 - 0	Valladolid A
16:30	Lugo A	3 - 4	El Bierzo
16:30	Vigo A	1 - 0	Salamanca

- **Resultados Semifinais:**

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
------	--------	-----------	--------

17:15	Vigo A	3 - 0	Ourense A
17:15	Coruña Futsal	3 - 1	El Bierzo

• **Resultado Final e Tercer e Cuarto Posto:**

Hora	Equipo	Resultado	Equipo
18:00	Vigo A	4 - 1	Coruña Futsal
18:00	El Bierzo		Ourense A

CADRO DE HONRA	
CAMPIÓN	Vigo "A"
SUBCAMPIÓN	Coruña Futsal
TERCEIRO CLASIFICADO	Ourense "A"



*Vigo "A" celebrando o título*

## EQUIPOS PARTICIPANTES



**A Coruña "A"**



**A Coruña "B"**



**A Coruña "C"**



**A Coruña "D"**



**A Coruña Futsal**



**Vigo "A"**





**Vigo "B"**



**Ferrol "A"**



**Ferrol "B"**



**Ourense "A"**



**Ourense "B"**



**Pontevedra "A"**





**Pontevedra "B"**



**Lugo "A"**



**Lugo "B"**



**Boiro**



**Salamanca**



**El Bierzo**





**Valladolid "A" y Valladolid "B"**



**Valladolid "B"**

## **NOVIDADES**

Este ano, para facer a espera entre partidos mais amena, decidimos introducir unha novidade no torneo. É o chamado Fútbol Burbuxa.

Durante máis de dúas horas, todos os participantes que quixeron puideron disfrutar de este singular xogo, que estase a converter en toda unha moda.

As risas e bo ambiente foron a tónica predominante durante o tempo que durou a actividade.



## AMBIENTE





## CEA DE CLAUSURA E ENTREGA DE TROFEOS



